



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 611  
13 de decembro de 2023



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 609, do día 11 de decembro de 2023, do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia

[231806](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

### COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### ■ 60142 (11/PNC-005014)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que a Dirección Xeral da Costa e o Mar clarifique e unifique criterios á hora de emitir informes sobre as instalacións de infraestruturas hidráulicas no dominio público marítimo-terrestre

[231807](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### ■ 36374 (11/PNC-003364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para deseñar unha nova e verdadeira estratexia de loita contra o cambio climático

[231807](#)

##### ■ 54034 (11/PNC-004643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a calidade arquitectónica e do modelo urbano ante a revisión das normas de habitabilidade do 2010

[231808](#)

### COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### ■ 62464 (11/PNC-005257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



**Rodríguez Conde, Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da ampliación do número de bases de unidades operativas (BUO) e da reforma e rehabilitación das xa establecidas para mellorar a súa operatividade na prevención de incendios forestais

[231808](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 61396 (11/PNC-005142)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre determinadas accións que debe impulsar o Goberno galego co fin de combater a praga da avespa asiática e defender a apicultura, especialmente nas zonas de maior produción melífera, como a provincia de Lugo

[231809](#)**I 61781 (11/PNC-005184)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da ampliación ao caso dos abortos, das baixadas notables de produción e dos gastos veterinarios das axudas que se destinan á enfermidade hemorráxica epizoótica

[231809](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### **Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 609, do día 11 de decembro de 2023, do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia**

Advertido un erro material na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 609, do día 11 de decembro de 2023, do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 231451, onde di:

«Quedan pendentes de pronunciamento as posibles transaccións no artigo 27 das emendas núm. 38 e 41 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e núm. 21 e 24 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

2. A aceptación das emendas que a seguir se detallan:

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 4, 19, 24, 31, 36, 9, 43, 44, 45, 52 e 69.

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 1, 4, 5, 8, 11, 13, 17, 20, 23, 26, 28, 29, 30, 33, 34, 45 e 57»

Debe dicir:

«Quedan pendentes de pronunciamento as posibles transaccións no artigo 27 das emendas núm. 38, 39 e 41 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e núm. 21 e 24 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

2. A aceptación das emendas que a seguir se detallan:

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 4, 19, 24, 31, 36, 43, 44, 45, 52 e 69.

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 1, 4, 5, 8, 11, 13, 17, 20, 23, 26, 28, 29, 30, 33, 34, 45 e 57.»

Na páxina 231485, onde di:

a) Os comités de sustentabilidade dos diferentes ámbitos do sector alimentario galego, aos que lles corresponderá elaboraren os pregos de condicións e propoñeren a súa aprobación á Axencia Galega da Calidade Alimentaria ou á consellaría competente en materia de pesca, segundo corresponda por razón da natureza do produto.

Os citados comités de sustentabilidade incluírán na súa composición as organizacións profesionais agrarias e do mar, como as confrarías e as organizacións de produtores pesqueiros, para garantir a representatividade dos sectores respectivos.»

Debe dicir:

«3. O sistema de certificación da sustentabilidade constará dos seguintes elementos:



a) Os comités de sustentabilidade dos diferentes ámbitos do sector alimentario galego, aos que lles corresponderá elaboraren os pregos de condicións e propoñeren a súa aprobación á Axencia Galega da Calidade Alimentaria ou á consellaría competente en materia de pesca, segundo corresponda por razón da natureza do produto.»

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.6. Proposicións non de lei**

##### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 12 de decembro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 60142 (11/PNC-005014)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que a Dirección Xeral da Costa e o Mar clarifique e unifique criterios á hora de emitir informes sobre as instalacións de infraestruturas hidráulicas no dominio público marítimo-terrestre

BOPG nº 570, do 27.09.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que a Dirección Xeral da Costa e o Mar clarifique e unifique criterios á hora de informar sobre a instalación de infraestruturas hidráulicas no dominio público marítimo-terrestre co fin de axilizar a tramitación e autorización de actuacións esenciais para garantir o saneamento das nosas rías.»

#### **Rexeitamento da iniciativa**

- 36374 (11/PNC-003364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para deseñar unha nova e verdadeira estratexia de loita contra o cambio climático

BOPG nº 338, do 29.06.2022



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 54034 (11/PNC-004643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a calidade arquitectónica e do modelo urbano ante a revisión das normas de habitabilidade do 2010

BOPG nº 506, do 14.06.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

#### **COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 12 de decembro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 62464 (11/PNC-005257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e seis deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da ampliación do número de bases de unidades operativas (BUO) e da reforma e rehabilitación das xa establecidas para mellorar a súa operatividade na prevención de incendios forestais

BOPG nº 604, do 29.11.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Ampliar, en función das dispoñibilidades orzamentarias, o número de construcións de bases de unidades operativas (BUO), co obxectivo de tecer sobre o territorio unha rede de bases que mellore a prestación dos servizos públicos, así como as condicións de habitabilidade e saúde ocupacional dos traballadores e traballadoras do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia.

2. Continuar coa política de reforma e rehabilitación doutras bases asociadas á operatividade do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia.»



**Rexeitamento da iniciativa**

- 61396 (11/PNC-005142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre determinadas accións que debe impulsar o Goberno galego co fin de combater a praga da avespa asiática e defender a apicultura, especialmente nas zonas de maior produción melífera, como a provincia de Lugo

BOPG nº 588, do 02.11.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 61781 (11/PNC-005184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da ampliación ao caso dos abortos, das baixadas notables de produción e dos gastos veterinarios das axudas que se destinan á enfermidade hemorráxica epi-zoótica

BOPG nº 591, do 08.11.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

